



SINDICATO DE

TRABAJADORES DE LA

ADMINISTRACIÓN DE

JUSTICIA

**SINDICATO INDEPENDIENTE E ESPECIFICO DE XUSTIZIA**

**PAULINO FLORES PAZ con DNI 34869835 H**, en calidade de delegado sindical **do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAJ)**, e enderezo a efecto de notificación no Edificio Antigo dos Xulgados de Vigo **EXPÓN:**

Os xulgados de Instrución de Vigo e A Coruña aproban en xunta sectorial por unanimidade que sexa o TSJ de Galicia o que de forma inmediata solicite á Xunta a dotación orzamentaria necesaria para a implantación do sistema de 24 horas nos respectivos partidos xudiciais.

A situación actual, en principio é distinta que a do ano 2011. Cóntase co informe favorable do CGPJ, quen recoñece que melloraría o servizo que se ofrece á cidadanía, da Sala de Goberno do TSJ de Galicia, así como a dotación económica de Ministerio de Xustiza, a cal foi incluída nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

A iniciativa conta desde hai anos co apoio unánime de todos os colectivos implicados na Administración de Xustiza. A tendencia cada vez mais á alza dos índices de criminalidade, fundamentalmente furtos e estafas, os delitos relacionados coa violencia de xénero, todo iso fai imprescindible o cambio do servizo de garda o cal garantiría mais eficacia e axilidade, permitindo que a resposta xudicial se ofrecésese desde o preciso momento en que se formulase a petición.

A implantación do mesmo melloraría a imaxe das dúas localidades, calquera cidadán podería comparecer nas dependencias xudiciais e ser atendido a calquera hora prestando así tamén un servizo esencial a eses miles de turistas que cada ano visítannos e que nalgúns casos son vítimas de delitos.

Aínda que no ano 2011 as cidades de Vigo A Coruña e Córdoba iniciaron este camiño, no ano 2019 xa se implantara en Córdoba o cal non pasa en Galicia.

A falta dunha Consellería de Xustiza consciente das vantaxes que pode reportar esa inmediatez para o cidadán, a posibilidade de poder formular unha denuncia a calquera hora, a vontade política; quizais sexa o que nos diferencia con Córdoba.

Por todo iso desde STAJ solicitamos á DXX e ao novo Conselleiro de Presidencia Xustiza e Deportes, que dispoña o necesario para facer efectiva a dotación orzamentaria que permita a implantación do servizo de garda de 24 horas en Vigo e A Coruña, e acabar coa discriminación que vimos sufrindo con respecto a outras localidades que co mesmo número de xulgados de instrución, poboación e estatística veñen gozando do devandito servizo hai varios anos. En definitiva A Coruña e Vigo necesitan dispoñer un servizo moderno, áxil, eficaz que garanta a inmediatez na resposta xudicial e que respecte a tutela dos dereitos fundamentais e garantías procesuais.

**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA  
RUA MADRID,2-4, 2º PISO-FONTIÑAS  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

